

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FORCAREI

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISTA DE KARTING DA MADALENA

ORDENANZA REGULADORA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISTA DE KARTING DA MADALENA

A actividade diaria do circuío, será supervisada polo persoal autorizado polo concello de Forcarei a tal efecto; será ese persoal, quen fixe en cada momento a orde de saída a pista dos usuarios. Se ben, como norma xeral, velarase para que nun mesmo momento, non coincidan mais de 2 modalidades diferentes na instalación a fin de fixar tandas alternas de participación entre ambas.

ARTIGO 1. HORARIO

As instalacións deportivas da Pista de Karting de A Madalena, permanecerán abertas de martes a domingo. No caso de que o luns fose festivo, abrirán e trasladarase o día de descanso ao martes. Os horarios variarán en función de verán e inverno. Así, entre o 1 de novembro e o 31 de marzo, as instalacións permanecerán abertas de 9:30h a 18:30h, mentres que entre o 1 de abril e o 31 de outubro, as instalacións permanecerán abertas de 9:00h a 20:30h. Estes horarios, poderán adaptarse puntualmente as necesidades de algunha actividade; se ben, esta adaptación deberá de contar coa aprobación do Concello de Forcarei, que reclamará ao interesado unha motivación dese cambio de horarios.

ARTIGO 2. NORMAS DE XESTIÓN

Como norma xeral os usuarios deberán de solicitar o uso das instalacións do circuío segundo os impresos aprobados polo Concello de Forcarei, que abaixo se relacionan, acompañado da documentación requirida en cada caso, cunha antelación mínima de 2 días hábiles para as reservas no Concello de Forcarei, ou no mesmo día nas propias instalacións do circuío. Para a reserva on-line, establécese tamén unha antelación mínima de 2 días hábiles.

- Solicitud de Reserva (presencial ou online),co compromiso do usuario
- Solicitud de Bono 5 rodadas
- Solicitud de Bono 10 rodadas
- Solicitud de aluguer nas propias instalacións (TPV)



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

Non se admitirán solicitudes que non estean ben cumprimentadas.

A) Para a expedición dos Bonos de 5 e 10 rodadas, será preciso que os interesados, dirixan modelo de solicitude normalizado, xunto coa documentación necesaria, ao Concello de Forcarei, cunha antelación mínima de 3 días hábiles ao primeiro día de desfrute do mesmo. O Concello, unha vez recibida toda a documentación, expedirá un documento acreditativo do Bono correspondente, e que lle será entregado ao titular, no primeiro día de uso do mesmo.

Ese documento, será imprescindible presentalo todas as veces que se acuda ás instalacións, onde o persoal responsable, lle aplicará un selo de data que xustificará a presenza do interesado. A maiores, o persoal encargado das instalacións, cumprimentará un libro rexistro a fin de relacionar os accesos dos titulares destes bonos.

Estes bonos permiten aos beneficiarios, acceder ás instalacións sen necesidade de reserva previa, se ben, non outorgan ningunha prevalencia sobre os demais usuarios das mesmas. Isto é, que se un titular dun bono acode ás instalacións e estas se atopan ao límite da súa capacidade ou ocupadas por unha actividade que non permite o uso da pista por parte de máis usuarios, este bono, non poderá ser utilizado.

Para esta modalidade está incluído o prezo de boxes, que poderán ser utilizados no caso de estar dispoñibles no momento no que o usuario acceda as instalacións.

Os bonos de 5 ou 10 rodadas, ao igual que as autorizacións individuais, son persoais e intransferibles, debendo de acompañarse sempre de documento probatorio da identidade do titular (DNI, Permiso de Conducir ou similar).

Os bonos de 5 ou 10, rodadas, teñen unha validez de ano en curso, non podendo ser utilizados máis alá do 31 de decembro do ano de expedición.

B) Para empadroados/as no Concello de Forcarei a utilización das instalacións baixo esta modalidade, as solicitudes deberán de presentarse no modelo normalizado e acompañadas da documentación necesaria, ante o Concello de Forcarei cunha antelación mínima de 1 día hábil, en horario de 9 a 13:00h de luns a Venres, vía correo electrónico, Fax, administración electrónica ou nas oficinas do Concello.

Os empadroados terán tamén a posibilidade de facer o pago nas propias instalacións do circuito a través de TPV, e coa bonificación correspondente. Para poder acollerse a esta modalidade de pago, os usuarios, ademais da documentación propia da modalidade, deberán de aportar un Certificado ou volante de Empadramento expedido polo Concello de Forcarei; a tal efecto, este certificado ou volante, terá unha validez máxima de 6 meses, debendo ser renovado unha vez transcorrido ese período.

C) Apoio ao deporte base. A tal fin, os interesados, ademais da documentación acreditativa da natureza da Escola ou organización, deberán de aportar documentación probatoria de pertenza á mesma. Esta bonificación, será posible en días de semana (de luns a venres), excepto festivos. Para as fins de semana e festivos, cabe a posibilidade de facer efectiva esta bonificación, sempre e cando se solicite para un grupo mínimo de 20 usuarios (indicando nome e DNI), ademais, deberá de presentarse a solicitude cunha antelación mínima de 4 días hábiles.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

D) Colocación de elementos publicitarios, por parte de empresas cuxo domicilio fiscal se sitúen no Termo Municipal de Forcarei, A tal fin, deberá de presentarse ante as oficinas xerais do Concello de Forcarei, un modelo de solicitude normalizado, acompañado dunha memoria explicativa do elemento publicitario a instalar, así como da documentación acreditativa do domicilio fiscal da empresa.

E) Para poder establecer convenios de colaboración entre o Concello e distintas entidades, tales como: Clubs, Escolas de Formación, empresas e similares, que como contra prestación pola utilización das instalacións, presten algún servizo ao Concello de Forcarei, deberán facer unha solicitude motivando a proposta a realizar para posteriormente ser resolta polo Órgano Competente.

F) As federación deportivas que están exentas do pago do Prezo público deberán solicitar as instalacións, cunha antelación mínima de 7 días naturais. A tal fin a solicitude deberá de vir acompañada dunha memoria explicativa da actividade así como dos seguros de RC e das medidas de seguridade necesarias.

G) Uso de Boxes: os usuarios interesados no uso de boxes cubertos, deberán de marcar no modelo de solicitude o interese nese uso. Ademais, deberán de aboar o prezo público fixado. No caso de pago e reserva nas propias instalacións, así como para os usuarios con bonos de 5 ou 10 rodadas, o prezo público establecido, xa inclúe o dereito ao uso de box, se ben, non outorga ningunha prevalencia sobre os mesmos; este é, se no momento de chegar á instalación, non hai boxes dispoñibles, este feito, non dará lugar a ningún desconto ou compensación do prezo público establecido.

ARTIGO 3. ACTIVIDADES PERMITIDAS NO CIRCUÍTO

As actividades permitidas no Circuíto, son as seguintes :

1.—Competición non oficial: é a realizada por un número non inferior a dous participantes a mesma tipoloxía. Encadrase no réxime de exclusividade da instalación e xunto ao modelo de solicitude e ao pago da taxa, o solicitante deberá de aportar un seguro de Responsabilidade Civil que cubra a actividade completa, así como unha memoria explicativa da mesma na que ademais se fará constar os recursos sanitarios e de emerxencia cos que conta, así como a identificación do persoal responsable da organización.

2.—Utilización en exclusiva para espectáculos: definirase como espectáculo todo aquel acontecemento que teña como fin o divertimento do público asistente. Para a reserva do Circuíto, necesitarase unha memoria explicativa do evento na que se fará constar o persoal sanitario e de emerxencias así como o persoal responsable da organización. Deberá ademais, identificar o público ao que vai dirixido. A xestión do Acto, correrá por conta do solicitante.

3.—Presentación de vehículos: acto dinámico mediante o cal poderanse probar os vehículos presentados, e recibir consellos de seguridade e de prestación por parte dos profesionais. A taxa, regularase por horas, se ben, xunto coa solicitude, deberase fixar a franxa horaria solicitada.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

4.—*Cursos de condución*: terá a condición de curso de condución a actividade dirixida á adquisición de coñecementos sobre materias de condución por parte dos alumnos asistentes, mediante explicacións tanto teóricas como prácticas dun experto ou profesor cualificado. Xunto coa solicitude da instalación, deberase de acreditar a natureza da entidade solicitante como entidade formativa en técnicas de condución, así como un seguro de Responsabilidade Civil da actividade ; así mesmo, será preciso un seguro de accidentes para os alumnos e para os vehículos participantes.

5.—*Proba de vehículos*: acto que consiste no acceso ao circuíto para testar algún cambio ou peza introducida no vehículo, ou para probar a posta a punto xeral do vehículo. Para esta modalidade, só estará permitido rodar pola variante externa do circuíto, non podendo acceder ás curvas interiores do mesmo.

ARTIGO 4. OBRIGAS DOS USUARIOS

No momento de cursar solicitude de uso da instalacións deportivas da pista de karting de A Madalena, os usuarios, asumen as seguintes obrigas:

1.—Deberán de estar en posesión dun seguro de accidentes propios. O número de póliza e compañía aseguradora deberá de constar sempre na instancia de solicitude. O Titular está obrigado a manter a súa vixencia, e en todo caso, será responsable de calquera dano sufrido no transcurso da actividade, sempre e cando non sexa consecuencia directa dun mal estado da instalación.

2.—Os usuarios comprométese a respectar e cumprir as normas de xestión e funcionamento do Circuíto, expostas ao público nas instalacións. No caso de non cumprir estas normas ou de alterar a normal actividade da instalación, o persoal encargado das instalacións, poderá proceder á expulsión das instalacións dos usuarios negligentes, non dando dereito tal expulsión, ao reembolso das taxas satisfeitas.

3.—Tódolos usuarios/as deberán utilizar as instalacións adecuadamente, evitando posibles deterioros ou danos nas instalacións, na saúde ou nos dereitos dos outros usuarios. A tal fin, estará prohibido:

- Pintar, taladrar ou atornillar as soleiras ou as estruturas, tanto na pista como nos boxes.
- Derrame de líquidos (combustible, lubricantes, etc) nas soleiras, tanto na pista, como na zona de boxes.
- Deberán de protexer con materiais illantes, aqueles elementos dos seus vehículos, os cales en caso de accidente, poidan causar danos persoais ou materiais ao resto de usuarios ou ás propias instalacións.

4.—O uso do circuíto queda limitado para a práctica dos deportes compatibles, tales como karts, motos e coches outros similares que non alteren nin prexudiquen as instalacións e os seus materiais.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

5.—Deberán de usar os equipos de protección individual requiridos segundo o vehículo que vaian pilotar. Para entrar na pista cada piloto debe estar perfectamente equipado, con casco, botas luvas e proteccións debidamente homologadas.

6.—Na pista do circuíto circularase entrando e saíndo nela en sentido marcado polo acceso sinalado para a saída. Unicamente se poderá saír do circuíto neste punto salvo avaría ou accidente.

7.—Queda terminantemente prohibido cruzar a pista.

8.—Esta terminantemente prohibido circular en sentido contrario.

9.—Está prohibido pararse dentro da pista.

10.—Unha vez fora da pista a entrada de novo na mesma se fará cando sexa segura a incorporación e non circule ou vaia a circular en breve outro piloto polo mesmo lugar.

11.—En caso de accidente, o piloto que circule detrás do accidentado anunciará os restantes pilotos o suceso, reducindo a velocidade paulatinamente.

12.—Na pista circularase cunha velocidade moderada de acordo coas condicións da pista e cos pilotos que estean circulando nela.

13.—Os pilotos deberán seguir sempre trazadas naturais sen facer manobras bruscas na pista, xa que poden poñer en perigo os pilotos máis rápidos ou máis lentos que circulen por diante ou por detrás.

14.—Nos Boxes tódolos vehículos deberán circular lentamente sen superar os 10Km/h quedando prohibida a circulación reiterada destes. Prohíbense as exhibicións, derrapes, aceleracións bruscas na zona.

15.—Está prohibida a circulación dos vehículos fora da pista do circuíto salvo por avaría ou accidente.

16.—As reparacións e marcaxes deberán facerse estritamente na zona de boxes.

17.—É obrigatorio dar unha volta de recoñecemento o circuíto antes de comezar os entrenamentos co fin de coñecer tódalas circunstancias da pista.

Tódalas normas están establecidas para salvagardar a seguridade de tódolos pilotos. O piloto que non cumpra estas normas poderá ser expulsado, por ocasionar un grave risco para os demais usuarios.

O piloto deportista exime de calquera responsabilidade civil ou penal o Concello de Forcarei por accións ou lesións derivadas hacia a súa persoa ou a terceiros por causa da práctica e participación deportiva realizada no circuíto da Madalena.

O feito de que esta norma este exposta no circuíto implica que o interesado asume ser o único responsable dos seus feitos e lesións ou aqueles que puideran ocasionar a terceiros.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

ARTIGO 5. PROHIBICIÓN E SUSPENSIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS

O Concello de Forcarei poderá prohibir ou no caso de haber comezado, suspender a celebración da proba deportiva, actividade/es, competicións ou torneos, nos seguintes casos:

- Os que puideran ser constitutivos de delito.
- Cando o desenrolo dos mesmos se produza ou se considere que pode producirse alteracións do orde público con perigo para as persoas ou os seus bens.
- Cando exista risco grave para a seguridade das persoas.
- Cando non se presenten as autoridades receptivas.

A suspensión dos espectáculos poderán decidirse tamén polo delegado da autoridade que asista o mesmo, previo aviso os organizadores, cando se produzan graves alteracións do orden público. Ou perigue a seguridade de persoas ou bens.

ARTIGO 6. NORMAS DISCIPLINARIAS

O incumprimento do disposto neste Regulamento será motivo de sanción administrativa sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou de outro orde que puideran concorrer.

Ademais da correspondente sanción, as infraccións poderán dar lugar a expulsión das instalacións deportiva do circuíto da Madalena, coa posterior perda, no seu caso, da condición de usuario, abonado etc.

Con independencia da imposición das sancións procedentes, si algunha infracción levara aparelado un deterioro, rotura ou desperfecto de algún elemento das instalacións deportivas, o infractor deberá aboar o importe das reparacións ou reposicións de materiais que houberan de realizarse para poder utilizar de novo as instalacións.

A tódolos efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras das actividades, ou no seu caso, aquelas que houberan solicitado o aluguer do uso das instalacións. As reincidencias na comisión de infraccións poderán dar lugar a anulación ou suspensión temporal das reservas que se houberan podido conceder a ditos deportistas, escolas de formación clubs ou entidades.

CONSIDERANSE INFRACCIÓNS LEVES:

- Non presentarse no horario na instalación concedida sen avisar.
- O trato incorrecto a calquera usuario/a, persoal técnico, etc.
- Os actos de deterioro de equipamentos, infraestruturas e instalacións e elementos de contía inferior a 600€
- O incumprimento dalgunhas das obrigas dos usuarios/as cando a súa consecuencia non de lugar a cualificación de grave.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

CONSIDERANSE INFRACCIÓNS GRAVES:

- Os actos de deterioro de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos de contía inferior a 1.500€
- O incumprimento da obriga de respectar en todo momento o uso adecuado das instalacións, respectando tanto os diferentes usuarios, utilizando as zonas acotadas para os distintos usos, como o persoal que atende as instalacións.
- Introducir animais ou outros elementos prohibidos polo regulamento, excepto aquelas persoas con discapacidade visual que accedan acompañadas de cans guía.
- Non abandonar as instalacións transcorrido o tempo de reserva, impedindo o dereito de outros deportistas, salvo o que teña carácter leve.
- Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves así mesmo ou a outros usuarios y/ou espectadores.
- A reserva, acotación ou limitación de espazos polos usuarios das instalacións.
- A práctica deportiva fora dos espazos destinados a tal efecto.

CONSIDERANSE INFRACCIÓNS MOI GRAVES.:

- Falsear intencionadamente os datos relativos a identidade, licenza federativa correspondente o ano en curso para o seguro persoal propio.
- A agresión verbal y/o física o persoal ou usuarios/as das instalacións, ou calquera outra perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa a tranquilidade das instalacións deportivas.
- O impedir o normal funcionamento ou uso das instalacións deportivas a outros usuarios/as con dereito a súa utilización ou a grave e relevante obstrución do normal funcionamento da competición.
- Os actos de deterioro relevante de equipamentos infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables. Considéranse moi grave cando o custo da súa reparación sexa superior a 1.500, 01 Euros.
- O Acceso, consumo y/ou venda a todos das bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotróficos, estimulantes ou sustancias semellantes ou encontrarse baixo os seus efectos.
- A comisión de tres faltas graves nun ano.

AS SANCIÓNS DETERMINARANSE ATENDENDO OS SEGUINTE CRITERIOS:

- Intencionalidade.
- Reincidencia.
- Grao de participación.
- Beneficios obtidos como consecuencia dos actos constitutivos da infracción.
- Danos producidos na instalación deportiva Circuito da Madalena.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

AS INFRACCIÓNS SERÁN SANCIONADAS DA SEGUINTE MANEIRA :

1.—Infraccións leves con multa de 50,00 a 300 euros, podendo levar aparellada a prohibición de uso temporal das instalacións de 1 mes a 3 meses.

2.—Infraccións graves con multa de 300,01 a 900,00 euros, podendo levar aparellada a prohibición de uso temporal das instalacións de 3 meses a 6 meses.

3.—Infraccións moi graves con multa de 900,01 a 1.500,00 euros, podendo levar aparellada a prohibición de uso temporal das instalacións de 6 meses a 1 ano.

Con independencia das sancións que poidan impoñerse polos feitos tipificados neste artigo, o infractor estará obrigado a restitución e reposición dos bens o seu estado anterior.

As sancións leves e graves imporanse e serán executivas dende a notificación da mesma.

No suposto de sancións moi graves se instruirá o correspondente expediente, establecéndose un prazo de alegacións previo a resolución do expediente sancionador.

ARTIGO. 7 RESPONSABILIDADES

Os usuarios/as das instalacións deportiva do circuíto da madalena “comprométense a respectar tódolos bens mobles e inmobles que o integran. Así mesmo, na solicitude das instalacións, os usuarios eximirán ao Concello de Forcarei, de toda responsabilidade ante calquera incidencia, problema ou lesión derivada dun accidente como consecuencia da práctica de actividades deportivas propias da pista de velocidade. Toda persoa que queira facer uso do circuíto terá primeiro que cubrir e asinar a solicitude que exige de toda a responsabilidade o Concello de Forcarei (Carta de compromiso de usuario) por tódolos problemas ou lesións que se puideran producir no usuario, pola práctica dos deportes como MotoCross, autocrós, karts, pit bike, minimotard, quad cross, superquad, ou outros similares. No caso de que o usuario sexa menor de idade, seu pai, nai ou titor legal terá que cubrir o documento e coidar do menor en todo momento.

O Concello de Forcarei non se fai responsable dos accidentes das persoas nin de perdas, roturas ou desperfectos de obxectos, roupa y/ou materiais particulares dos/as usuarios/as que se produzan con motivo do uso das instalacións deportivas. Recomendase cerrar e gardar todo canto se encontre nos boxes.

Os organizadores/monitores de actividade/es, competicións ou torneos que se celebren no Circuíto da Madalena, alleos a programación e organización da Concellería de deportes deste Concello, deberán solicitar por escrito a esta, previa autorización e terán en conta todo o disposto neste Regulamento, así como as accións ou omisións dos participantes que causen danos as instalacións perante o exercicio das actividades e deberán de facerse cargo dos gastos que orixinen ou desperfectos.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

A Instalación deportiva circuío da Madalena, poderá ser pechada por razóns de seguridade ou climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas y/o desperfectos graves nas mesmas.

Na instalación deportiva circuío da Madalena, calquera que sexa a súa forma de xestión, así como nos folletos publicitarios ou informativos, figurará no lugar visible e logotipo do Concello de Forcarei, acreditando así a súa titularidade.

ARTIGO 8. NORMATIVA E AUTORIZACIÓN

A publicidade na instalación deportiva circuío da Madalena mediante calquera elemento permanente ou puntual, móbil ou estático, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e dos específicos sobre menores, alcohol, tabaco e sustancias estupefacientes.

Queda prohibida a colocación de publicidade sexista e que atente ós valores democráticos.

A autorización para instalar calquera tipo de publicidade realizarase por parte do Concello de Forcarei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O funcionamento da instalación deportiva circuío da Madalena si se xestionara indirectamente se rexería polas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas correspondentes e supletoriamente polas disposicións contidas neste regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Correspóndelle a Xunta de Goberno Local resolver as dúbidas, interpretacións ou conflitos que poida xerar o presente regulamento.

Forcarei, 17 de decembro de 2018

A Alcaldesa

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta

